



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 25 DE XANEIRO DE 2021

### **1. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/415/2019.**

#### **Licenza de obra nova para residencia canina no lugar de Fontao.**

Acórdase CONCEDER LICENZA DE OBRA NOVA para residencia canina no LUGAR DE FONTAO, (Polígono 510 parcela 460), segundo proxecto básico, cun orzamento de execución material de 143.562 euros. As actuacións consistirán na construción, cando se presente proxecto de execución, de edificación dunha planta destinada a residencia canina composta de edificación principal de 127,34 m<sup>2</sup>, e altura de 4,20 metros, e tres instalacións auxiliares dunhas superficies de 72,72 m<sup>2</sup>, 171,70 m<sup>2</sup> e 180,20 m<sup>2</sup> e altura de 3,27 metros, cunha ocupación en planta total de 551,96 m<sup>2</sup>. A edificación está situada en solo clasificado como rústico no PXOM vixente e cualificado coa *Ordenanza 16, de solo rústico de protección agropecuaria*

### **2. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LIC/2040/2019.**

#### **Licenza obra nova construción de nave comercial sen uso específico na rúa do País Vasco, 15.**

Acórdase CONCEDER licenza de OBRA NOVA para a CONSTRUCCION DE NAVE COMERCIAL SEN USO na RUA do PAIS VASCO (DO),15- (parcela J4A02 do Polígono industrial da Sionlla), segundo Proxecto con visado colexial de data 20.11.2019 e anexo con visado colexial de data 09/09/2020, cun orzamento de execución material de 2.137.274 euros. As actuacións consistirán na construción, cando se presente proxecto de execución, de nave comercial sen uso específico de dous plantas cunha superficie construída total de 6.414,12 m<sup>2</sup> (superficie útil 5.852,62 m<sup>2</sup>), unha ocupación de 4.000,26 m<sup>2</sup> e altura máxima de 12 metros. A edificación está situada en solo clasificado como urbanizable no PXOM vixente e cualificado coa *Ordenanza 4. Edificación exenta. Variante 4A do Plan sectorial da Sionlla*.

### **3. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LIC/323/2020.**

#### **Licenza de obras de legalización de ampliación de nave industrial para a fabricación de mamparas na rúa da Comunidade Valenciana, 11.**

Acórdase CONCEDER LICENZA DE OBRAS DE LEGALIZACIÓN para AMPLIACION DE NAVE INDUSTRIAL DESTINADA Á FABRICACIÓN DE MAMPARAS DIVISORIAS en RUA da COMUNIDADE VALENCIANA, segundo Memoria técnica de legalización con data de visado de 06/11/2020, e cun orzamento de execución material de 16.725,26 euros. As actuacións consistirán, incluída ampliación, na construción de nave industrial de planta baixa, primeira e baixo cuberta para a fabricación de mamparas divisorias, oficinas e almacén cunha superficie construída total de 1.327,42 m<sup>2</sup>, unha superficie útil de 1.231,69 m<sup>2</sup>, unha ocupación en planta de 900 m<sup>2</sup>, e unha altura máxima de 10 metros. A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa *ordenanza Ordenanza 1. Edificación adosada, Variante 1.c. do Plan sectorial*.

## **5. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00001680Q.**

### **Tomar coñecemento da remisión da conta xeral do exercicio 2019 ao Consello de Contas e do acordo de aprobación da mesma polo Pleno.**

Tómase coñecemento da remisión da Conta xeral do exercicio 2019 ao Consello de Contas, en execución do disposto no artigo 212.5 do TR da Lei Reguladora das facendas Locais, e do acordo de aprobación da mesma polo Pleno da Corporación de 20 de xaneiro de 2021.

## **6. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00001680Q.**

### **Dar conta dos decretos da alcaldía e resolucións das concellerías delegadas.**

Dase conta.

URXENCIA

## **1. Procedementos administrativos. Referencia: 2021/00001802T**

Acórdase o persoamento do Concello de Santiago de Compostela nos PO 307/2019, 327/2019, 203/2020 e 204/2020, tramitados polo Xulgado do Contencioso nº 2, para a defensa dos intereses municipais.

- PO 307/2019, contra a Axencia de Turismo de Galicia, pola cancelación da inscrición do inmovible no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas. O fundamento da resolución impugnada é o acordo plenario de modificación do PE-1 sobre pisos turísticos (artigo 41.5 do Decreto 12/2017, do 21 de xaneiro).
- PO 327/2019, contra a Axencia de Turismo de Galicia, pola cancelación da inscrición do inmovible no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas. Igual fundamento.
- PO 203/2020, contra a Axencia de Turismo de Galicia, pola cancelación da inscrición do inmovible no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas. Igual fundamento.
- PO 204/2020, contra a Axencia de Turismo de Galicia, pola cancelación da inscrición do inmovible no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas. Igual fundamento.

Dáse a circunstancia de que en todos eles a defensa dos intereses particulares está encomendada ao mesmo avogado. Que é tamén quen defende a AVITURGA no recurso desta, pendente de sentenza, contra o mesmo acordo plenario. Á vista do exposto; ao abeiro do disposto no artigo 17 do Regulamento de organización e funcionamento da Asesoría Xurídica do Concello de Santiago de Compostela (BOP 15.01.2020); tendo en conta que o fundamento de todas estas demandas é a “falsa” declaración de nulidade da modificación do PE-1, considérase conveniente na defensa dos intereses municipais, que o Concello de Santiago se persoe nos citados procedementos, como xa ten sucedido noutros ao abeiro do Acordo da XGL do 28.12.2020.

## **2. Subvencións concedidas ao concello. Referencia: 2020/00006800N**

Dase conta da adhesión do Concello de Santiago de Compostela ao convenio de colaboración suscrito o 18 de decembro de 2020 entre a Vicepresidencia primeira e consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a consellería de SAndiade, o Servizo Galego de Saúde, e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a realización de programas de atención e protección da saúde.

Mediante este convenio, a Xunta de Galicia contribuirá ao financiamento de programas de axudas para Unidades Asistenciais de Drogodependencias UADs **con 533.969,92 euros**. Este convenio ten vixencia dende a súa sinatura, 18 de decembro de 2020; ata o 31 de marzo de 2021. Sen embargo, atenderanse os pagos derivados do cumprimento deste convenio desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2020 para a presentación da documentación xustificativa de gastos subvencionables.

### **3. Subvencións concedidas ao concello. Referencia: 2020/00001926Z**

Dase conta da concesión ao Concello de Santiago de Compostela dunha axuda por importe de **183.768 euros**, ao abeiro do Programa extraordinario de apoio na contorna familiar para a atención temporal e urxente como consecuencia da pandemia creada pola COVID19.

As actuacións obxecto de subvención están formadas por todas aquelas atencións proporcionadas de xeito gratuíto na contorna familiar das persoas que o precisaron a consecuencia da pandemia, para a súa atención temporal e urxente durante o período comprendido entre o 14 de marzo de 2020 e o 30 de novembro de 2020.